

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Proxecto de Orde do ## de ##### de 2022 pola que se aproba o manual de uso dos distintivos da Artesanía Alimentaria.

Co fin de recoñecer e fomentar os valores económicos, culturais e sociais que a artesanía alimentaria representa para Galicia e tamén o de preservar e conservar as empresas artesanais que elaboran produtos alimentarios na comunidade autónoma, a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria fixo, no seu capítulo III, unha regulación inicial desta figura de protección da calidade alimentaria diferenciada. O desenvolvemento regulamentario da dita lei en relación con esta materia realizouse posteriormente mediante o Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria.

O capítulo IV do citado Decreto 174/2019, do 19 de decembro, regula o Rexistro da Artesanía Alimentaria, no que se deben inscribir as empresas artesanais que realicen unha actividade alimentaria das que figuran no anexo I do dito decreto. A inscrición no rexistro faculta as empresas inscritas a usar os distintivos identificadores a que se refire o artigo 31 deste decreto nos produtos que cumpran na súa elaboración o establecido nel e na norma técnica correspondente a cada actividade específica.

Por outra parte, a disposición derradeira segunda do devandito decreto faculta a persoa titular da consellería competente en materia de agricultura para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aprobación dos distintivos da artesanía alimentaria e do manual de uso destes.

De acordo co anterior, no DOG do día 4 de marzo de 2022 publicouse a Orde do 16 de febreiro de 2022 da Consellería do Medio Rural mediante a cal, ademais de aprobarse un primeiro grupo de catorce normas técnicas, aprobáronse os distintivos identificadores da artesanía alimentaria. Así, nos anexos XV, XVI e XVII desta orde figuran, respectivamente, o distintivo identificador dos produtos artesanais, o dos produtos artesanais da casa e o dos produtos artesanais de montaña.

Para completar a regulación do sector artesanal alimentario de xeito que as empresas que se inscriban no Rexistro da artesanía alimentaria poidan usar no etiquetado,



presentación e publicidade dos seus produtos os distintivos da artesanía alimentaria, queda pendente a aprobación do seu manual de uso, o cal é o obxecto desta orde.

Por todo isto, de acordo co previsto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia e no Decreto 174/2019, do 19 de decembro, polo que se regula a artesanía alimentaria,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do manual de uso dos distintivos da artesanía alimentaria

Apróbase o manual de uso dos distintivos da artesanía alimentaria, que figura na páxina web da Consellería do Medio Rural na seguinte URL:

https://mediorural.xunta.gal/sites/default/files/temas/alimentacion/artesania-alimentaria/MANUAL-ARTESANIA-ALIMENTARIA_GAL.pdf

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ## de ##### de 2022

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural